



RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2020 da Consellería do Medio Rural relativa á Orde do 23 de marzo de 2020 pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo de 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias.

Primeiro.- O día 24 de marzo de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 23 de marzo pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo de 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e no desprazamento de agricultores e viticultores aos efectos da realización de actividades agrarias.

De acordo co apartado 1 do artigo 2 da dita orde, queda prohibida ata o 31 de marzo a celebración dos mercados tradicionais que teñen lugar nos concellos de Galicia con venda directa de produtos agrícolas e gandeiros. O levantamento ou mantemento desta prohibición despois do 31 de marzo poñerase en coñecemento da cidadanía a través da páxina web da Consellería do Medio Rural.

Segundo.- Tras diversas consultas efectuadas sobre o particular ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ao Ministerio de Sanidade, e á Delegación do Goberno en Galicia, a Delegación do Goberno informou que o artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cita expresamente a suspensión da apertura ao público dos locais e establecementos minoristas, a excepción dos establecementos comerciais minoristas de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, limitando a dita actividade comercial minorista de alimentación aos establecementos comerciais, sen contemplar os mercados ao aire libre, concluíndo o escrito que non estaría permitida esta actividade. Atendendo a esas determinacións o pasado día 31 de marzo de 2020 a Consellería e resolveu manter a prohibición de celebrar mercados municipais.





Terceiro.- Segundo o artigo 15 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, as autoridades competentes delegadas adoptarán as medidas necesarias para garantir o abastecemento alimentario nos lugares de consumo e o funcionamento dos servizos dos centros de produción, permitindo a distribución de alimentos; ademais a Orde 234/2020, do 15 de marzo, de adopción de disposicións e medidas de contención e remisión de información ao Ministerio de Sanidade ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no seu apartado segundo, dispón que dende a entrada en vigor da orde, todas as disposicións e medidas de contención do COVID-19 nos supostos enumerados no apartado cuarto desta orde que recaian no ámbito competencial das entidades locais, adoptaranse pola autoridade autonómica competente, de oficio ou a solicitude motivada das autoridades locais correspondentes; no dito apartado 4 da orde se refire ás disposicións e medidas de contención adoptadas nos seguintes ámbitos: a) Limitacións á liberdade de circulación das persoas; b) Establecementos, equipamentos e actividades cuxa apertura ao público se tivera suspendido ou condicionado; c) Aseguramento do abastecemento de produtos necesarios para a protección da saúde pública.

Cuarto.- Dado o avance temporal do estado de alarma, a constatación de datos de evolución positiva na loita contra a pandemia, e os propios cambios normativos no estado de alarma, e que, dende o punto de vista da saúde pública a compravenda nos mercados locais, non ofrece grandes diferencias da existente nun supermercado ou nun comercio retallista de alimentación, aplicándose en calquera caso determinados protocolos de prevención xa elaborados e publicados pola Consellería, cómpre revisar a súa suspensión.

Por outro lado, tendo en conta a tradicional dispersión xeográfica galega, con asentamentos en pequenos núcleos de poboación, e cunha alta porcentaxe de persoas maiores, estes mercados son en moitos casos a principal vía de abastecemento alimentario no rural galego.

Ademais, o mantemento da suspensión dos mercados locais non resulta sostible en termos de non discriminación e equidade, respecto das superficies comerciais nas que se venden os mesmos produtos, cunha importante concentración de persoas e en lugares pechados, tal e como se ven argumentando dende os colectivos, organizacións agrarias e agricultores que demandan a súa apertura.





Demandas apoiadas en criterios económicos e na defensa da supervivencia de determinadas ramas de actividade do sector agrogandeiro; así, coa canle da hostalaría e a restauración pechada dende o comenzo do estado de alarma, y tendo en conta a lenta e, en todo caso, parcial apertura que as últimas medidas anunciadas polo Goberno central apuntan nese sector, moitos produtores teñen nos mercados locais practicamente a única saída para os seus produtos, cuxo carácter de tempada, fresco e, en moitos casos perecedoiro aboca a unha perda irreparable de non activar, con carácter inmediato os ditos mercados.

En último termo, cómpre apelar á aplicación do principio de igualdade en todo o territorio nacional, unido ao de coordinación entre todas as administracións territoriais, xa que en determinadas Comunidades Autónomas certos mercados retoman actividade coas oportunas medidas de seguridade.

Con base nos anteriores antecedentes e normativa de aplicación

#### RESOLVO:

1. Levantar a partir do 4 de maio de 2020 a prohibición relativa á realización dos mercados tradicionais que teñen lugar nos concellos de Galicia con venda directa de produtos agrícolas e gandeiros, establecida no apartado 1 do artigo 2 da Orde de 23 de marzo de 2020 pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo de 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores aos efectos da realización de actividades agrarias.

2. Suxeitar a celebración dos ditos mercados ás condicións previstas no artigo 2, apartado 3 da Orde do 23 de marzo de 2020, sen prexuízo das determinacións e competencias dos Concellos en materia de mercados, segundo o establecido no artigo 80, apartado 2, letra g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 25, apartado 2, letra i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.





A venda directa nos mercados limitarase única e exclusivamente a produtos agrícolas e gandeiros do sector de alimentación e produtos perecedoiros.

Segundo o establecido no artigo 7, apartado 4 da Orde do Ministerio de Sanidade SND/386/2020, do 3 de maio, pola que se flexibilizan determinadas restricións sociais e se determinan as condicións de desenvolvemento da actividade de comercio minorista e de prestación de servizos, así como das actividades de hostalaría e restauración nos territorios menos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en canto ao aforo e número de postos, en todo caso garantirase unha limitación ao vintecinco por cento dos postos habituais ou autorizados e unha afluencia inferior a un terzo do aforo habitual podendo alternativamente procederse ao aumento da superficie habilitada para o exercicio desta actividade de xeito que se produza un efecto equivalente á dita limitación.

3. Incorporar como Anexo á presente resolución as condicións de celebración dos mercados fixadas no artigo 2, apartado 3 da Orde do 23 de marzo de 2020.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2020

José González Vázquez

Conselleiro do Medio Rural





## ANEXO

En todo caso, os operadores comerciais participantes e as persoas usuarias dos mercados locais quedarán sometidos ás seguintes normas específicas:

a) En canto aos postos.- Os postos deberán atoparse separados por unha vía de tránsito e cunha distancia mínima entre eles de 6 metros. Permítese unha separación mínima de 4 metros entre os laterais. Como forma de instalación dos postos na superficie do mercado, recoméndase unha disposición ao tresbolillo (en forma de triángulo equilátero, evitando que un punto de venta estea enfrontado a outro).

Dentro dun mesmo posto as persoas vendedoras deberán gardar entre si unha distancia mínima de 2 metros, quedando restrinxida a actividade comercial a un único operador no caso de que as medidas do posto non fagan posible esta separación física.

Recoméndase aos responsables dos postos poñer a disposición da clientela luvas desbotables. En todo caso, será indispensable o uso de luvas para tocar os produtos en venta. Recoméndase contar con dispensadores de xel desinfectante para uso tanto das persoas vendedoras como das persoas usuarias de acordo coas recomendacións das autoridades sanitarias.

b) En canto ás persoas vendedoras.- Serán as persoas titulares da explotación agraria con actividade inscritas na sección de venda directa (SEVEDI) do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou empregados da explotación.

c) En canto ás persoas usuarias.- A distancia mínima entre cada persoa usuaria do mercado será de 2 metros coas excepcións que establece ao efecto a normativa estatal.

A Policía Local, as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, e en xeral os axentes da autoridade, velarán por que dende o inicio ata a conclusión do mercado se respecte esta distancia mínima persoal, regulando se fose necesario o acceso para evitar aglomeracións e evitando na medida do posible calquera contacto social que non teña por obxecto a compravenda.

d) En canto á limpeza e recollida.- Os refugallos xerados polo mercado deberán ser depositados en bolsas dentro dos colectores instalados ao efecto polos servizos municipais de limpeza e recollida de lixo, e en todo caso observar as determinacións que ao respecto se establezan nas ordenanzas ou bandos municipais”.

